

Do fusil á pluma

A fronte, canteira de escritores

JOAQUIM VENTURA

A literatura europea comezou cun relato bélico, a Ilíada. Naturalmente, o autor que convencionalmente coñecemos como Homero non sería, moí probablemente, testemuña do intento de conquista de Troia polos gregos, pero dalgún xeito xa estableceu unhas marcas para subliñar a excepcionalidade que supón a guerra para a vida humana. Devén prolíxo abundar en títulos, mais sirvan dous exemplos da literatura grecolatina: a *Anábasis* de Xenofonte e *A Guerra das Galias* de Xulio César.

Na novela contemporánea hai un subxénero literario que narra tamén as peripecias dos soldados, sexan do país que sexan, exemplo do cal poderían ser *A guerra e a paz* de Lev Tolstoi ou *As aventuras do bo soldado Švejk* de Jaroslav Hašek.

Tamén na literatura da memoria temos a experiencia de quen tivo que vestir un uniforme de maneira profesional ou ocasional, obras que dalgún xeito estarían –ou deberían estar– sometidas ao pacto autobiográfico entre autor e lector que definiu Philippe Lejeune. Citemos apenas algunhas como serían as de De Gaulle, Rommel ou Montgomery.

Pero temos tamén o caso doutros textos, cuxos autores non tiñan aínda, ou non pretendían ter, a condición de escritores (enténdase, profesionais). A súa condición de uniformados foi excepcional, motivada pola entrada do seu país nun conflito militar. Pero en troques de escribir un texto memorialístico, fixeron da súa experiencia unha novela, co cal non estaban escravos da verdade, senón unicamente da verosimilitude.

Hai un tempo tivemos ocasión de comentar nestas páxinas a espléndida novela de Vitali Grossman *Vida e destino*. Agora saudamos a aparición en castelán de *Sagapò*, de Renzo Biaison (Acantilado). Neste caso temos unha dobre excepcionalidade. A primeira, relativa ao autor. Biaison foi mobilizado polo exército cando Mussolini decidiu invadir Grecia e Albania en 1939, un delirio imperial continuación da presenza italiana en Libia e Abisinia. Daquela era un mozo que estudara belas artes e pintaba. Biaison foi soldado malia el e foi feito prisioneiro tras o armisticio italiano (1943) e conducido a Alemaña. Daquela come-

zou a redacción de *Sagapò*, cunha habelencia que fan del un mestre da narrativa europea do século

XX con apenas dous libros (ademais do citado, o aínda inédito entre nós *Tempi bruciati*, “Tempos

queimados”).

A obra está dividida en trece contos que, sen esquecer o humor e a tenru-

ra, non agochan a brutalidade da guerra, máis aínda dunha guerra que á maioría dos soldados lles resultaba allea, lonxe da súa terra e contra un inimigo co que convivían máis que ao que combatían. Situada a súa unidade nunha illa do mar Exeo, apenas existía contacto co exterior, xa fose coas forzas propias ou coas adversarias.

Posiblemente, non había na queles anos mellor espello dunha sociedade que a composición da milicia, desde os labregos analfabetos até os diversos profesionais urbanos; desde os que facían da ocasión unha maneira de sobrevivir grazas á picaresca aos que non resistían e sucumbían á tolería, moitas veces resolta de vez cun tiro suicida.

E, a maneira de necesaria supervivencia e inevitable evasión daquel colectivo de homes, impúñase a confraternización coas mulleres da vila que ocupaban. Tida en conta a dificultade de comunicación verbal, os soldados italianos adoptaron a macarrónica pronunciación de *sagapò*, que significa “quérote” (e que empregaron en 1975 Las Grecas para unha canción do seu *Muchomás*).

Trátase da experiencia de quen tivo que vestir un uniforme

Consecuencia desta obra foron dúas películas, de factura máis que aceptable: *Mediterraneo*, de Gabriele Salvatores, que gañou o Oscar á mellor película en fala non inglesa en 1991, e *A mandolina do Capitán Corelli*, de John Madden, con Nicolas Cage e Penélope Cruz (2001).



Cartel de “A mandolina do Capitán Corelli” (2001).



Soldados españois en Annual (Marrocos), en agosto de 1921.

Nas letras galegas

Se hai un tema ausente nas letras galegas é o da guerra. Cabería reflexionar as razóns. Unha primeira ausencia a constatar sería que os incontables oficiais de mariña (Ferrol, Marín) apenas escribiron e menos en lingua galega. Outra é que en Galicia non houbo fronte bélica e entre os soldados galegos que loitaron na Guerra Civil (dun bando ou de outro) non houbo nin o máis mínimo intento de explicar aquela experiencia (na liña das espléndidas *Incerta glòria* do catalán Joan Sales).

Con todo, temos da man de Xosé Ramón

Fernández Oxea “Ben Cho Shey” unhas “Crónicas de Marruecos”, publicadas entre 1921 e 1922 no xornal *La Zarpa* que daquela dirixía Basilio Álvarez. Malia estar escritas en castelán, Ben Cho Shey non esquecía as súas orixes e presentaba estas crónicas non

da man dun xornalista profesional, senón como “expresión rebelde [dun] soldado”. Era aquela –máis aínda despois do desastre de Annual– unha guerra que lle resultaba allea, tanto como galego como cidadán. Unha guerra, pois, na cal os soldados eran auténtica carne de canón a prol de intereses privados (como os dos propietarios das minas de fosfatos, entre eles o conde de Romanones) ou dos militares que, rematado o dominio colonial en América, fixeron da guerra en África unha maneira de medrar e de obter privilexios.